



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n CP 15320 Teléf.981453116 Fax 981453185 REL 01150709 CIF P1507100D

Expte. núm. 2021/E001/000006

Ref.:SEC

DECRETO DA CONCELLEIRA DELEGADA DA ÁREA DE RECURSOS HUMANOS, INDUSTRIA E EMPREGO: APROBACIÓN DA LISTA DE ESPERA DE TÉCNICO DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBGRUPO A1 (BOP NÚMERO 77 DO 27/04/2021)

ANTECEDENTES DE FEITO

- Mediante o Decreto 745/2021, do 22 de abril, da concelleira delegada de Recursos Humanos, Industria e Emprego, (BOP núm. 77, do 27/04/2021) aprobouse a convocatoria e as bases para elaborar unha nova lista de persoal funcionario da categoría de técnico de administración xeral (TAX), complementaria da resultante do expediente 2019/E001/000005, para posibles nomeamentos con carácter interino.
- O Tribunal foi designado mediante o Decreto 1105/2021, do 10 de xuño, que tamén aprobou a lista definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas e fixou o lugar e a data e hora de realización do proceso selectivo.
- As actas do órgano de selección son de datas 16/06/2021 e 28/06/2021. Nesta última, o Tribunal efectúa proposta de lista de espera no sentido que obra no expediente.
- Transcorreu o prazo de cinco días hábiles para a presentación de posibles reclamacións ante o tribunal de selección.

FUNDAMENTOS LEGAIS

A base número 8 das que regulan a convocatoria establece a elaboración dunha lista de espera, que se utilizará cando por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia sexa necesario o nomeamento de funcionarios/as interinos/as, e sempre e cando se dea algunha das seguintes circunstancias: cobertura de vacantes/exceso ou acumulación de tarefas/execución de programas de carácter temporal/substitución transitoria do titular do posto.

En principio, a atribución orixinaria para ditar a presente resolución corresponde ao alcalde, por dispoñelo así o artigo 21.1, letras g) e h), da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. Porén, tal competencia foi delegada na concelleira delegada da Área de Recursos Humanos, Industria e Emprego, Ana María Pena Purriños, mediante decreto número 993/2019, do 24 de xuño, de delegación de competencias nas concellarías (BOP núm. 121 do 28/06/2019).

Por todo o anterior, a través do presente decreto, RESOLVO:

- 1º) Aprobado a seguinte lista de espera de persoal con categoría de técnico/a de administración xeral, de acordo coa seguinte proposta, que consta na acta do Tribunal cualificador de data 28/06/2021:

Nome e apelidos	DNI	Fase de oposición	Fase de concurso	Puntuación total
Roibal Paseiro, Jesús	***8442**	12,5 (5+7,5)	4,75	17,25



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n CP 15320 Teléf.981453116 Fax 981453185 REL 01150709 CIF P1507100D

Expte. núm. 2021/E001/000006

Ref.:SEC

Roca Vázquez, María	***4609**	13,3 (5,5+7,8)	3,20	16,50
Bermúdez González, Pilar	***1055**	12,5 (5+ 7,5)	2,8	15,30

Esta lista de espera permanecerá en vigor ata a aprobación dunha nova lista de espera resultante dunha convocatoria posterior, e anulará a lista derivada deste proceso.

Non obstante, de non existir listas posteriores, a lista de espera resultante deste proceso selectivo caducará o día 31/12/2026.

En todo caso, a existencia da lista non implica a obriga para o concello de cubrir automaticamente as vacantes ou outros supostos de nomeamento que se vaian producindo.

Os chamamentos produciranse de acordo co previsto na base 8 das bases que rexen a convocatoria.

- 2º) Publicar a lista que antecede no taboleiro electrónico e, no seu caso, na páxina web do concello.
- 3º) Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderán as persoas interesadas interpor potestativamente o recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación, segundo establecen os artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP). Se interpoñen o recurso de reposición non poderán interpoñer o recurso contencioso-administrativo até que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Transcorrido un mes desde a interposición do recurso potestativo de reposición sen que se lles teña notificada a resolución expresa, entenderase desestimada por silencio administrativo, e quedará expedita a vía contencioso-administrativa, podendo interpoñer o recurso contencioso-administrativo no prazo de seis meses, a contar desde o día seguinte ao daquel no que se producise a desestimación presunta. Se o recurso de reposición foi resolto expresamente o prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar desde o día seguinte ao da notificación do acordo polo que se resolveu expresamente o citado recurso de reposición. Este recurso contencioso-administrativo poderá ser interposto ante o Xulgado correspondente do contencioso-administrativo, efectuando os demandantes a elección que lles permite o artigo 14.1, regra segunda, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa (LRXCA).

Malia o anterior, poderán impugnar directamente este acto administrativo ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa (artigo 123.1 da LPACAP). Para tal efecto poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n CP 15320 Teléf.981453116 Fax 981453185 REL 01150709 CIF P1507100D

Expte. núm. 2021/E001/000006

Ref.:SEC

meses a contar desde o día seguinte ao da publicación da presente resolución, perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo que corresponda, a teor da elección permitida aos demandantes polo artigo 14.1, regra segunda, da meritada Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Así mesmo as persoas poderán interpor calquera outro recurso que estimen procedente ou conveniente.

As Pontes de García Rodríguez, xullo de 2021